



## MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA Á ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE MONDARIZ PARA A ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN COMPACTADOR PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

I. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de deportes, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

### II. Antecedentes

Con data 8 de maio de 2025, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co Concello de Mondariz un convenio de colaboración para a adquisición dun camión compactador para a recollida separada de residuos da súa competencia.

A solicitude fundamentouse na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopa este concello que dispón de dous vehículos de recollida separada da fracción resto e envases e embalaxes lixeiros, que arrastran graves problemas mecánicos debido á súa antigüidade, frecuencia de uso e a distancia percorrida diariamente, facendo que as reparacións nestes vehículos sexan cada vez mais frecuentes e custosas. Como consecuencia, a xestión de residuos de competencia municipal no Concello de Mondariz resulta cada vez mais deficitaria, se cabe, e precaria.

Non cabe dúbida da necesidade inmediata de substituír os vehículo dos que dispón o Concello de Mondariz por outros de características adaptadas as súas necesidades, co obxecto de que os servizos de recollida de lixo do Concello poidan manter a operatividade e continuar desenvolvendo as súas funcións coa debida eficacia.

Por todo o anterior, resulta preciso a renovación do parque móbil municipal destinado á recollida separada de residuos da súa competencia, comezando polo subministro dun camión compactador, de carga posterior, de nova fabricación, tecnoloxicamente mais eficiente en vistas a reducir as emisión de gases de efecto invernadoiro e de maior capacidade para realizar a recollida separada dos residuos domésticos municipais.

O Concello manifestou a posibilidade real de ser beneficiario dunha subvención económica para o cofinanciamento da compra do camión polo importe do 30% do importe do subministro a través da liña 1 (Investimentos), do Plan de obras e servizos de competencias municipal (Plan máis provincia) 2025 , publicadas o día 2 de xaneiro de 2025 no BOPPO Núm 1 e, solicita da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da





Xunta de Galicia a concesión dunha subvención polo restante 70% do importe do vehículo.

A falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Mondariz de afrontar en solitario os compromisos económicos que a cofinanciación da execución das actuacións obxecto de subvención representan para a Facenda local.

### III. Orzamento e aplicación orzamentaria

O orzamento total da actuación é 261.239 € (IVE incluído)

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de CENTO OITENTA E DOUS MIL OITOCENTOS SESENTA E SETE CON TRINTA EUROS (182.867,30€), con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088) Esta cantidade representa o 70% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Pola súa banda, o Concello de Mondariz achegará, con cargo aos seus créditos orzamentarios, a cantidade de SETENTA E OITO MIL TRESCENTOS SETENTA E UN CON SETENTA EUROS (78.371,70 €). Esta cantidade representa o 30% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

### IV. Finalidade

Na cláusula quinta "conta xustificativa" do convenio establécese como data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención, o 1 de decembro de 2025.

O Concello de Mondariz, con data 19 de novembro de 2025, solicitou unha prórroga do prazo para a presentación da documentación xustificativa ata o 15 de decembro de 2025, dado que segundo manifesta, *"Con data 08/08/2025 resolveuse, mediante decreto de alcaldía núm. 2025-0766, adxudicar o contrato de subministro ao contratista "AUTOMÓVILES PACO S.L." con CIF B-32012841, por un importe de 257.125,00 Euros (IVE engadido) e data de entrega do subministro nas instalacións municipais o día 17/11/2025. Por motivo dun atraso no traslado do camión dende o lugar de fabricación ata a instalación da empresa adxudicataria, prevese una demora do subministro do camión ata o día 28/11/2025, o que deixaría a esta administración cun escaso marxe para poder xustificar axeitadamente a axuda concedida"*.

Á vista desta solicitude, con data 20 de novembro de 2025 reuniuse a Comisión Mixta prevista na cláusula decimo terceira "Seguimento do convenio" para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio asinado, entre cuxas funcións se atopa a proposta de addendas.





A Comisión Mixta considerou que procede a formalización dunha addenda para tal fin, na que se recolla a modificación dos prazos establecidos para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención, ata o 15 de decembro e 2025.

#### **V. Obxecto**

O obxecto da addenda é a modificación do prazo establecido para a execución das actuacións subvencionadas e para a presentación da documentación xustificativa, establecido na cláusula quinta, ata o día 15 de decembro de 2025.

**VI. O instrumento da addenda que se asina fundaméntase na** solicitude do Concello de Mondariz, de data 19 de novembro de 2025, na que solicitou unha prórroga do prazo para a presentación da documentación xustificativa ata o 15 de decembro de 2025, dado que segundo manifesta, por motivo dun atraso no traslado do camiión dende o lugar de fabricación ata as instalación da empresa adxudicataria, prevese una demora do subministro do camiión ata o día 28/11/2025, o que deixaría a esa administración cun escaso marxe para poder xustificar axeitadamente a axuda concedida.

**VII.** Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento da addenda para articular as actuacións de referencia, quedando a dita addenda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico  
Francisco Javier Abad Pardo

